

**CONVENIO ENTRE A SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA, O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E NUEVO MICRO BANK S.A.U. PARA O ESTABLECEMENTO DUNHA LIÑA DE FINANCIAMENTO PARA EMPREENDEDORES GALEGOS RETORNADOS**

**REUNIDOS**

**Dunha parte**, a Secretaría Xeral da Emigración, representada neste acto polo secretario xeral da Emigración Antonio Rodríguez Miranda, nomeado mediante Decreto 140/2020, do 17 de setembro, en virtude das facultades que lle confire a disposición adicional segunda do Decreto 109/2021, do 15 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

**Doutra parte**, Fernando Guldrís Iglesias, no nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, Igape), con NIF Q6550010J e domicilio en Santiago de Compostela, Complexo Administrativo San Lázaro, s/n, Edificio Igape, C.P. 15707, na súa calidade de director xeral. Está facultado para este acto en virtude da delegación de facultades do 23 de decembro de 2016 do presidente do Igape feita pública mediante Resolución do 25 de xaneiro de 2017 (DOG nº 23, do 2 de febreiro de 2017).

**Doutra parte**, Nuevo Micro Bank, S.A.U. (en diante, MicroBank), con NIF A65619421 e con domicilio en Madrid, rúa Aduana, 18, C.P. 28013, e inscrita no Rexistro Mercantil de Madrid ao Tomo 31.008, Folio 46, Sección 8ª, Folla M-558139, representada neste acto por Juan Carlos Gallego González, con DNI 14582111L na súa calidade de presidente.

**E doutra parte**, CaixaBank, S.A, con domicilio en Valencia, na rúa Pintor Sorolla, 2-4, CP 46002, co número de identificación fiscal A08663619, inscrita no Rexistro Mercantil de Valencia, Tomo 10370, Folio 1, Folla V-178351, e inscrita no Rexistro Administrativo Especial do Banco de España co número 2100, representada neste acto por Juan Pedro Badiola Uriarte provisto de número de identificación fiscal 14.949.930E en calidade de director territorial Norte.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio e, a estes efectos,

## EXPOÑEN

**PRIMEIRO.-** As Administracións Públicas, no exercicio das súas competencias, poden subscribir convenios de colaboración con outras administración ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto no artigo 43 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público en relación co artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

**SEGUNDO.-** Segundo o establecido no artigo 22 do Decreto 109/2021, do 15 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral da Emigración é o órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias en materia de emigración e retorno. Así mesmo, lle corresponden as atribucións de promoción de medidas que favorezan o retorno a Galicia dos galegos residentes no exterior e faciliten a súa integración na sociedade galega.

**TERCEIRO.-** A Estratexia Retorna aprobada polo Consello da Xunta de Galicia, inclúe medidas para facilitar o dereito dos emigrantes galegos e máis dos seus descendentes a regresar a Galicia, e recolle como un dos obxectivos promover o autoemprego e a creación de pemes por parte das persoas emigrantes galegas retornadas.

Esta Secretaría Xeral da Emigración, no marco desta Estratexia Retorna, desenvolve subvencións para promover o autoemprego e a actividade emprendedora na Comunidade Autónoma galega, das persoas emigrantes galegas retornadas, dos seus cónxuxes ou persoas con unión análoga, así como dos seus descendentes, de modo que poidan fixar a súa residencia en Galicia, integrarse e realizar nela as súas actividades profesionais, empresariais ou laborais.

**CUARTO.-** Que o Igape é a Axencia de desenvolvemento rexional de Galicia. Como ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio propios, entre os seus principais obxectivos están os de fomentar a creación de novas empresas, promover a mellora da produtividade e competitividade das sociedades xa asentadas na Comunidade Autónoma, atraer investimentos foráneos e facilitar a internacionalización do tecido produtivo. Igualmente entre os seus obxectivos están o de facilitar ás empresas servizos de asesoramento, planificación, xestión, financiamento, formación, localización, seguimento e, en xeral, calquera outro que poida contribuir á súa creación e desenvolvemento. A Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, na disposición adicional segunda, establece que o Igape terá a consideración de entidade instrumental do sector público autonómico con competencias en materia de emprendemento.



**QUINTO.-** Que MicroBank, participado integramente por CaixaBank, ten como misión contribuir ao progreso e benestar da sociedade facilitando financiamento a aqueles colectivos e proxectos onde se xere un impacto social favorable. Para iso, o banco ofrece:

- Microcréditos: préstamos ata 25.000 euros, sen garantía real e dirixida a persoas que polas súas condicións económicas e sociais poidan ter dificultades de acceso ao financiamento bancario tradicional. A súa finalidade é fomentar a actividade produtiva, a creación de emprego e desenvolvemento persoal e familiar.
- Outras finanzas con impacto social: produtos e servizos que contribúen a xerar un impacto social positivo e medible na sociedade. Diríxense a sectores relacionados co emprendemento e innovación, economía social, educación e saúde. A súa finalidade é contribuir a maximizar o impacto social nestes sectores.

As condicións vantaxosas desta financiación, na que está especializada esta entidade e que son peculiares desta modalidade de préstamos, son as seguintes:

- A quen vai dirixido: Emprendedores (persoas físicas con proxecto de autoemprego, profesionais autónomos sen límite de ingresos anuais ou microempresas con menos de 10 traballadores e facturación anual inferior a 2.000.000 €) que, polas súas condicións económicas e sociais, poidan ter máis dificultades de acceso á financiación, e que contan co asesoramento dunha entidade colaboradora que teña convenio con Microbank.
- Límite da concesión 25.000 €, 100% do investimento.
- Prazo: ata 72 meses, incluídos 6 meses de carencia.
- Tipo de xuro: Tipo fixo ao 5,90%
- Comisións: Sen comisiones
- Garantías: Sen garantía real nin condición de aval, excepto cando o titular sexa unha persoa xurídica, que se requirirá aval necesariamente dos socios.

MicroBank é un banco social creado en 2007 como herdeiro da actividade realizada ata entón pola Obra Social 'la Caixa'. Un dos piares que sustentan a tramitación das liñas de financiamento a autónomos e emprendedores por MicroBank é a colaboración con entidades públicas e privadas. En total, MicroBank concertou acordos ou convenios con 270 entidades, distribuídas do seguinte xeito: 40 administracións públicas, 92 Concellos, 39 cámaras de comercio, 88 entidades privadas e 11 universidades, gozando esta entidade dunha especial implantación na oferta deste tipo de produtos. Porén, de existir outras entidades que presten servizos semellantes con interese en prestar a mesma colaboración, IGAPE concertará os convenios que cumpran coa mesma finalidade có que se oficializa neste documento.



MicroBank, para levar a cabo a súa actividade, actuará habitualmente a través do seu axente CaixaBank, S.A., quedando este último autorizado, na condición na que actúa, a tratar a información a que se refire este convenio.

**SEXTO.-** O interese público de colaboración na presente actuación radica na pretensión de ofrecer ás persoas emprendedoras galegas retornadas o apoio financeiro necesario para consolidar os seus negocios na comunidade autónoma galega.

Por todo o exposto, e tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismos concorrentes para a súa consecución, as partes asinantes formalizan o presente convenio, que recolle as seguintes,

## CLÁUSULAS

### **PRIMEIRA.- OBXECTO**

Este convenio ten por obxecto definir o marco da colaboración entre as entidades asinantes para establecer unha liña de financiamento para emprendedores galegos/as retornados/as coa finalidade de:

- Potenciar o autoemprego e incentivar a actividade emprendedora favorecendo a igualdade de oportunidades de homes e mulleres.
- Financiar o establecemento, consolidación ou ampliación de microempresas, negocios de autónomos e proxectos de autoemprego co obxectivo de contribuír ao desenvolvemento do tecido produtivo, a creación e consolidación de emprego e a contribución ao progreso social.

### **SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES**

1. MicroBank comprométese a:

- Poñer a disposición unha liña de financiamento dirixida aos proxectos presentados polos emprendedores galegos/as retornados/as.



- Estudar as solicitudes de financiamento realizadas polos solicitantes e derivala, en caso de aprobación, cara a liña de financiamento de MicroBank obxecto deste convenio.
- Establecer un importe anual dun millón de euros (1.000.000 euros) destinado ao financiamento dos proxectos que se presenten e sexan aprobados.
- Informar á Secretaría Xeral da Emigración e ao IGAPE dos microcréditos formalizados no marco deste convenio coa periodicidade que de mutuo acordo determinen as partes.

## 2. A Secretaría Xeral da Emigración comprométese a:

- Difundir entre os emprendedores galegos retornados a existencia desta liña de financiamento.
- Informar ás persoas interesadas nesta liña de financiamento das condicións da súa concesión e da documentación requirida, que se detalla no Anexo II a este convenio, e da necesidade de cumprimentar o modelo de plan de empresa que se inclúe como Anexo III na súa totalidade. Para cumprimentar os apartados financeiros de máis dificultade, os/as interesados/as poderán contar coa axuda do Igape.
- Emitir informe conforme os interesados na obtención dos microcréditos MicroBank cumpren os requisitos como persoas emigrantes galegas retornadas susceptibles de acollerse ás vantaxes deste convenio, para o que as persoas interesadas deberán presentar nas Oficinas Integrais de Asesoramento e Seguimento ao Retorno da Secretaría Xeral da Emigración a documentación recollida no Anexo I.

A este efectos, considéranse persoas emigrantes galegas retornadas as seguintes persoas que, residindo fóra de España con nacionalidade española, retornaran a España á partires do 01.01.2017 e establezan a súa residencia na Comunidade Autónoma galega:

- a) As persoas galegas e nadas en Galicia.
- b) Os cónxuxes ou persoas con unión análoga á conxugal das persoas galegas e nadas en Galicia.
- c) Os descendentes por consanguinidade das persoas galegas e nadas en Galicia.

## 3. O IGAPE comprométese a:



- Difundir esta liña de financiamento entre os solicitantes de servizos da UGE (Unidade Galicia Emprende) que teñan a condición de emigrante galego/a retornado/a. Esta difusión realizarase polas canles de comunicación propias de IGAPE, esencialmente a través da súa web corporativa, sen que implique ningún incremento de gasto para o instituto.
- Analizar a viabilidade dos plans de empresa recibidos e emitir, no seu caso, informe favorable de viabilidade segundo o modelo do Anexo IV. De ser necesario, previamente o Igape poderá traballar na mellora e perfeccionamento do plan de empresa conxuntamente co/coa interesado/a.
- Remitir o informe de viabilidade á persoa interesada e á Secretaría Xeral de Emigración.

En todo caso, o informe de viabilidade terá carácter meramente informativo, quedando excluída calquera tipo de responsabilidade de IGAPE derivada dos riscos asociados aos créditos concedidos.

4. Todas as partes acordan expresamente que o presente convenio non suporá contraprestación económica algunha para as entidades asinantes.

### **TERCEIRA.- OPERATIVA E CARACTERÍSTICAS DO FINANCIAMENTO**

Os interesados solicitarán o informe de viabilidade do seu plan de empresa no Igape a través da aplicación establecida na dirección da Internet <http://www.tramita.igape.es> utilizando o formulario de solicitude PE001 acompañado do plan de empresa segundo o modelo do Anexo III deste convenio cumprimentado.

Os interesados solicitarán o financiamento MicroBank para retornados nunha oficina de Caixabank situada dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, e achegarán a documentación relacionada no Anexo II, o informe emitido polas Oficinas Integrais de Asesoramento e Seguimento ao Retorno no que se recolla o cumprimento dos requisitos como persoas emigrantes galegas retornadas para acceder a esta liña de financiamento e o informe de viabilidade emitido polo Igape. MicroBank resérvase o dereito de solicitar documentación adicional se a estima necesaria para o estudo da concesión do préstamo.

Xúntanse ao presente convenio como Anexo V as condicións económicas da liña de financiamento obxecto do presente convenio.

O tipo de xuro aplicable ás operacións que se formalicen no marco do presente convenio será o tipo de xuro fixado en cada momento por MicroBank.

O solicitante poderá consultar a información relativa aos tipos de xuro e comisións aplicables á operación concreta en calquera oficina de CaixaBank.

Respecto das condicións financeiras que puideran non estar detalladas no referido Anexo V, negociaranse por MicroBank cos clientes finais en función das tarifas de



MicroBank vixentes en cada momento.

Así mesmo MicroBank poderá modificar á alza ou á baixa os tipos de xuro aplicados en función das variacións que, con carácter xeral, se acorden para todos os seus clientes, dentro do contexto do mercado e sempre co trato preferencial do espírito deste convenio.

MicroBank non poderá condicionar a concesión do préstamo á subscripción de produtos financeiros ou non financeiros de Caixabank.

#### **CUARTA.- VIXENCIA, MODIFICACIÓN, EXTINCIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO**

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e a súa duración estenderase ata o 30 de decembro de 2022.

Calquera modificación nas actuacións recollidas neste convenio deberá ser proposta por unha das partes, directamente ou a través da comisión de seguimento, e se formalizará a través da subscripción da correspondente addenda.

O presente convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Dita modificación terá por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución ou xustificación.

Este convenio poderá prorrogarse polo mesmo prazo inicial por acordo expreso de ambas partes que deberá ser formalizado por escrito.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sin terse acordado a súa prórroga.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun prazo de 10 días hábiles coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado á Comisión de Seguimento do convenio e ás demais partes asinantes. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.



- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou en outras leis.

Si cando concorran calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal se deberá realizar a súa liquidación.

#### **QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria que estará integrada por representantes da Secretaría Xeral da Emigración, do IGAPE e de MicroBank.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- a) Facer o seguimento e control do desenvolvemento do convenio.
- b) Propoñer a interpretación e a resolución das dúbidas que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao abeiro do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, do capítulo I do título I (artigos 15 e seguintes) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **SEXTA.- PUBLICIDADE E COLABORACIÓN**

As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e relevantes e demais especificacións recollidas neste convenio, no Portal de transparencia e goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro), e no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

#### **SÉTIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta o tratamento de



datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga á Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

#### **OITAVA.- RÉXIME XURÍDICO**

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto no acordo do Consello da Xunta de Galicia de 27 de marzo de 1991 (DOG do 30 de abril), sobre subscrición dos convenios de colaboración con particulares que outorguen as Consellerías da Xunta de Galicia, os Organismos Autónomos ou Entes de dereito público da Administración Autonómica, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Decreto 126/2006 do 20 de xullo polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia. Será tamén de aplicación o disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, polo que se regulan os convenios do sector público.

E en proba de conformidade, as partes asinan este documento na data indicada no pé de sinatura, tomándose como data de sinatura a do último asinante.

Pola Secretaría Xeral da Emigración

Polo Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

Antonio Rodríguez Miranda

Fernando Guldrís Iglesias

Por Nuevo Micro Bank, S.A.U.

Por CaixaBank, S.A.

Juan Carlos Gallego González

Juan Pedro Badiola Uriarte



---

ANEXO I: Documentación necesaria para acreditar o cumprimento de requisitos como persoa emigrante galega retornada

---

**I. Documentación:**

- Pasaporte ou outro documento acreditativo da identidade e nacionalidade española para as persoas que non teñan DNI.
  - Documentación acreditativa da vinculación con Galicia: nacemento en Galicia ou, de ser o caso, ser cónxuxe ou parella de feito inscrita ou descendente por consanguinidade dunha persoa galega e nacida en Galicia.
  - Baixa consular, certificado de persoa emigrante retornada, expedido polas delegacións ou subdelegacións do Goberno ou calquera outra documentación que acredite fidedignamente a data de retorno a España, así como o tempo de residencia no estranxeiro anterior á data do seu retorno a España.
  - Certificado de empadramento expedido polo concello galego de residencia.
- 



---

ANEXO II: Documentación mínima necesaria para a tramitación dun préstamo MicroBank-Retornados/as

---

**II. Documentación xeral:**

- DNI en vigor do solicitante/representante legal da sociedade
- Plan de empresa
- Informe de viabilidade modelo MicroBank (inclúe a autorización para o trato e cesión de datos) asinado polo Igape
- Currículo do solicitante e/u certificado de vida laboral
- Presupostos ou facturas proforma do proxecto de inversión
- Contrato, precontrato de aluguer ou título de propiedade
- Outra documentación complementaria:
  - . Solicitud e/ou concesión de subvencións
  - . Solicitud e/ou concesión da capitalización do subsidio de paro
  - . Contrato de franquicias
  - . Licencia para exercer a actividade
- En caso de traspaso:
  - . Copia do Contrato de traspaso con detalle dos activos traspasados e a súa valoración
  - . Motivos do traspaso
  - . Datos da facturación anterior
- En caso de aportar fondos propios: acreditar con facturas pagadas, saldos en cota bancaria ...

**III. Documentación necesaria si xa traballa como autónomo ou a empresa xa está constituída:**

**1) Autónomos:**

- . Recibo de autónomo
- . Declaración da renda
- . O pago trimestral de módulos en caso de tributar por estimación obxectiva (Modelo 131)
- . Os impostos trimestrais en caso de tributar por estimación directa
- . Modelo 303 (liquidación do IVE trimestral, últimas 4 liquidacións)
- . Modelo 130 (liquidación do IRPF trimestral, últimas 4 liquidacións)
- . Modelo 390 (declaración anual do IVE)
- . Certificado de estar ao corrente en obrigacións coa Consellería de Facenda e Administración Pública
- . Certificado de estar ao corrente en obrigacións coa Seguridade Social
- . Modelo 111 (trimestres retencións de IRPF ano anterior)
- . Modelo 190 (resumen anual retencións ano anterior)
- . Modelo 347 (pagos a terceiros superiores a 3.000€)
- . Alugueros (Modelo 180, resumen anual de retencións + trimestres do ano en curso, mod. 115)
- . Declaración bens (fincabilidade, patrimonio)
- . Último recibo préstamos ou créditos en outras entidades.

**2) Empresas:**

- . Escritura de Constitución (si non é cliente)



- . Modelo 036/037 (si non é cliente)
- . Impostos
- . IVA's + IRPF's trimestrais
- . Modelo 390 (declaración anual do IVE)
- . Modelo 190 (declaración anual do IRPF)
- . Modelo 347 (declaración anual de operacións de mais de 3.000E)
- . Modelo 200 imposto de sociedades
- . Certificado de estar ao corrente en obrigacións coa Consellería de Facenda e Administración Pública
- . Certificado de estar ao corrente en obrigacións coa Seguridade Social
- . Balance e conta de perdas e ganancias provisional ano en curso (o mais actualizado posible)

En caso de sociedade, requirirase o aval dos socios. Neste caso, se deberá incluír toda a documentación do/dos avaliador/es:

- a) En caso de autónomos: ver apartado 1)
- b) En caso de persoa física (non autónoma)
  - a. 3 últimas nóminas
  - b. Contrato de trabalo
  - c. Vida laboral
  - d. Última declaración de renda
  - e. 3 últimos recibos de préstamos ou créditos noutras entidades



---

**ANEXO III: Modelo de plan de empresa a cumprimentar polo solicitante**


---

**Resumen Ejecutivo**


---

Proxecto:

Actividade:

CNAE:

Ubicación do Negocio:

Núm. Empregados iniciais:

Días de apertura semanais do negocio:

Breve descrición do proxecto e do servizo ou produto ofertado:

**Datos do investimento**

Datos da inversión	
Concepto	Importe en €
Inmovilizado material	
Inmovilizado inmaterial	
Circulante	
<b>Total</b>	<b>0</b>

**Orixe dos  
fondos**

Orixe	Importe en €
Fondos propios	
Préstamo MicroBank*	
Outros	
<b>Total</b>	<b>0</b>
*Préstamo MicroBank	
Importe:	
Prazo amortización:	
Carencia:	

**Conta de resultados anuais**


Cuenta de resultados iniciales	
Concepto	Importe en €
Total ingresos	
Gastos Fijos	
Gastos Variables	
Total Gastos	0
<b>Resultado</b>	<b>0</b>

Breve resumen dunha páxina como máximo no que se explique a idea de negocio e se destaquen os aspectos mais relevantes do proxecto.

### Sobre o emprendedor

1. ¿Cal é a túa experiencia anterior?  
(máximo 5 liñas)
2. ¿Que coñecementos tes?  
(máximo 5 liñas)
3. ¿Que habilidades túas destacarías?  
(máximo 5 liñas)
4. ¿Cantas horas dedicarás ao negocio?  
(máximo 5 liñas)

Autoavalíate do 1 ao 5 nestas capacidades:  
(1 nada - 5 moito)

Capacidade	Valoración	Capacidade	Valoración
Perseverancia		Versatilidade	
Creatividade		Optimismo	
Previsión		Adaptación ao cambio	
Empatía		Liderazgo	
Asunción de riscos		Capacidade de observar	

Describe brevemente a túa motivación persoal para emprender:  
(máximo 5 liñas)

Describe brevemente os principais riscos que prevés:  
(máximo 5 liñas)



## Plan de *marketing*

---

### O produto ou servizo

Describe do produto ou servizo que ofrecerás aos teus clientes.

### Necesidades a cubrir

Describe que necesidade estamos cubrindo con este proxecto.

### Público obxectivo

¿A quen vai dirixido o noso produto ou servizo?

### Localización do negocio

Explica por que escollestes este sitio e este local en concreto

### Entorno e competencia

¿Cal é a competencia que hai no meu entorno? ¿Hai bastantes clientes na zona?

### Prezo e vendas

	Competidor 1	Competidor 2	Competidor 3	Negocio
<i>Atributos competitivos</i>				
<i>Precios:</i>				
<i>Capacidad</i>				
<i>Acciones de marketing</i>				
<p>Describir brevemente los atributos de la competencia, sus precios y capacidad máxima. En caso de negocios con mucha variedad de productos o servicios realizar agrupaciones de familias de productos o servicios</p>				



1. ¿Cal será a estratexia de prezos?
2. ¿Como calculas a previsión de vendas?

	Producto 1	Producto 2	Producto 3	Producto 4	Producto 5
Coste unitario					
Margen unitario					
Precio Venta					

En caso de negocios con mucha variedad de productos o servicios realizar agrupaciones de familias de productos o servicios

### Comunicación

Describe a publicidade e as promocións que levarás a cabo e o coste previsto das mesmas

### Factor diferencial

Explicanos en que se diferencia o teu negocio dos do entorno (prezo, calidade, variedade, horario, localización, etc.)

## Plan de organización

---

### Recursos materiais

Describe brevemente os recursos materiais (inmobilizado e existencias) que necesitarás

### Recursos humanos

Detalla quen traballará no negocio e que tarefas realizará. Inclúe a retribución.

### Riscos laborais

Describe o Plan de prevención de riscos laborais



### Provedores e *stocks*

Describe cales serán os teus principais provedores, que produtos te facilitarán, con que periodicidade e que *stock* terás que ter almacenado (valoralo economicamente)

### Cientes

Describe si tes previsto ter base de datos de clientes que che permita realizar un seguimento das vendas e facer promocións.

### Administración

Describe como serán os procesos administrativos do negocio. Así como a forma xurídica do mesmo.



## O Plan económico – financeiro Modelo CANVAS

### Partners clave:

Redactar aos colaboradores (provedores e socios) estratéxicos para o correcto funcionamento do noso negocio

### Actividades clave:

¿Que actividades require a nosa proposta de valor?  
¿Estamos desenvolvendo estas actividades de forma eficiente?  
¿De que maneira as levo a cabo?

### Recursos clave:

¿Que recursos clave require na nosa proposta de valor?  
¿Que recursos clave requiren os nosos canais de distribución?  
¿Que recursos clave require a relación co cliente?  
¿Que recursos clave requiren as fontes de ingresos?

### Proposta de valor:

¿Que valor entregamos ao cliente?  
¿Cal dos problemas do noso cliente estamos solucionando?  
¿Que necesidade estamos satisfacendo?

### Relacións con clientes:

¿Que tipo de relación queremos establecer e manter co noso cliente?  
¿Cal é o seu custo?  
¿Cal é o seu grao de integración co resto do noso modelo de negocio?

### Canais:

¿Por que canais prefiren os meus clientes ser contactados?  
¿Como estamos contactando con eles agora?  
¿Cal é o canal que mellor funciona?  
¿Cal é o que ten unha mellor relación eficiencia-costas?  
¿Como os integramos coa rutina dos clientes?

### Segmento de clientes:

¿Para quen estamos creando valor?  
¿Quen son os nosos clientes máis importantes?

### Estrutura de custos:

¿Cales son os custos máis importantes do noso modelo de negocio?  
¿Cales son os recursos clave máis caros?  
¿Cales son as actividades clave máis caras?

### Fluxo de ingresos:

¿Por que están realmente dispostos a pagar os nosos clientes?  
¿Por que están pagando actualmente?  
¿Como están pagando actualmente?  
¿Como preferirían pagar?  
¿Como é a porcentaxe de cada liña de ingreso con respecto aos ingresos totais?



### Plan de investimentos iniciais

Concepto	Importe	%
<b>Inmovilizado material</b>	<b>0</b>	
Edificios, locales y terrenos		
Instalaciones		
Elementos de transporte		
Mobiliario y herramientas de oficina		
Maquinaria, herramientas		
Equipamientos y aplicaciones informáticas		
<b>Inmovilizado inmaterial</b>	<b>0</b>	
Derechos de traspaso		
Marcas y patentes		
Depósitos y fianzas		
Estudios previos		
Gastos de constitución y puesta en marcha		
Otros gastos		
<b>Circulante</b>	<b>0</b>	
Existencias		
Provisión de fondos		
<b>Total</b>	<b>0</b>	

### Plan de financiamento inicial

Plan de financiación		
Concepto	Importe	%
Ahorros personales		
Ahorros de la familia y/o amigos		
Préstamos o créditos bancarios		
Créditos de proveedores		
Selección de clientes		
Otros		
<b>Total</b>	<b>0</b>	

**Conta de resultados provisionais**

Realizar o detalle do primeiro ano, o segundo ou terceiro ano non require o análise mensual.

Cuenta de resultados													
Concepto	Saldo												
	Mes 1	Mes 2	Mes 3	Mes 4	Mes 5	Mes 6	Mes 7	Mes 8	Mes 9	Mes 10	Mes 11	Mes 12	Total
<b>Ingresos</b>													
Ventas (clientes)													
Otros ingresos													
Ingresos financieros													
<b>Total ingresos</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>
<b>Costes</b>													
Compras													
Alquiler local													
Suministros (agua, luz, gas,...)													
Variación existencias													
Servicios externos													
Tributos													
Costes de personal													
Costes financieros													
Amortizaciones													
Provisiones													
<b>Total costes</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>
<b>Beneficios /Perdidas</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>

**Plan de tesourería**

Realizar o detalle do primeiro ano, necesario cando sexa unha actividade estacional en meses onde se cerre o negocio ou haxa menor actividade.

Previsión de Tesorería													
Concepto	Saldo												
	Mes 1	Mes 2	Mes 3	Mes 4	Mes 5	Mes 6	Mes 7	Mes 8	Mes 9	Mes 10	Mes 11	Mes 12	Total
<b>Cobros</b>													
Cobros por ventas													
Otros cobros													
<b>Total Cobros</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>Pagos</b>													
Retribuciones propias													
Seguridad Social													
Suministros													
Gastos exteriores													
Transporte													
Gastos diversos													
Alquileres													
Seguros													
Cuota microcrédito													
Gastos Variables													
<b>Total Pagos</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>
<b>Saldo Mes</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>
<b>Saldo Anterior</b>		<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>
<b>Saldo Acumulado</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>

**Ratios de xestión:**

(facer dobre clic no cadro para editar)

**Ratios**

	Total año
Punto de equilibrio	
Alquiler/Ventas	
Coste del traspaso	

Alquiler
----------

**Cálculo do punto de equilibrio**

Punto Morto = Coste Fixo / % Marxe Bruto

**Aluguer/Vendas**

Aluguer/Vendas: Importe mensual do aluguer/Vendas mensuais ponderadas

**Custo do traspaso:**

CT: Traspaso/ (Retribución do promotor + Beneficio)

En caso de necesitar axuda do Igape para cumprimentar os datos financeiros deberá dirixir a súa consulta a [emprendemento@igape.es](mailto:emprendemento@igape.es), indicando no asunto "Solicitud de préstamo MicroBank".



---

**ANEXO IV: Modelo de informe de viabilidade**

---

NOME ENTIDADE COLABORADORA  
ENDEREZO  
CP POBLACIÓN

.....[localidade], a [data],

**INFORME DE VIABILIDADE**  
INFORMA

que o plan de empresa correspondente ao proxecto do sr/a..... que se achega foi realizado co asesoramento da ..... (a entidade que sexa en cada caso) e determinouse como favorable a viabilidade do proxecto.

Esta solicitude acóllese ás condicións de financiamento que se establecen no convenio de colaboración vixente entre a Secretaría Xeral da Emigración, o IGAPE e MicroBank.

(Nome e sinatura e selo entidade)

---

**TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL**

Dado que o financiamento do proxecto se solicita ao abeiro do convenio suscrito entre Nuevo Micro Bank S.A.U. (en diante, "MicroBank"), a Secretaría Xeral da Emigración e o IGAPE, infórmase aos asinantes de que se realizarán as comunicacións de datos persoais que sexan necesarias en relación ao financiamento do proxecto, entre MicroBank e o IGAPE, incluída información relativa ao cumprimento ou incumplimento das súas obrigas dinerarias respecto de MicroBank e toda a información que figure no contrato de financiamento e os seus anexos, en caso de que este finalmente se subscriba, así como toda a información que acheguen, agora ou no futuro a MicroBank en relación co proxecto e o seu financiamento, coa finalidade de que estas entidades realicen o seguimento e control do proxecto e o seu financiamento.

Os interesados poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, portabilidade de datos e a non ser obxecto de decisións individualizadas automatizadas, dirixíndose por correo ao enderezo: Apartado de Correos 209 – 46080 Valencia o en [www.MicroBank.com/ejerciciodederechos](http://www.MicroBank.com/ejerciciodederechos) e/ou a IGAPE, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explícita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

(Nome e sinatura da persoa solicitante)



---

**ANEXO V: Condicións económicas do microcrédito**


---

Finalidade	Proxectos de autoemprego para emprendedores retornados. Inicio, consolidación ou ampliación de microempresas e iniciativas económicas e empresariais por conta propia
Importe	Máximo: 25.000 euros (cun máximo do 100% do investimento)
Beneficiarios/as	Persoas físicas e autónomas cun proxecto de autoemprego. Persoa xurídica (microempresa con menos de 10 traballadores e cunha facturación anual inferior a 2.000.000 euros)
Periodicidade	Mensual
Prazos	72 meses incluídos 6 meses de carencia opcional
Tipo de xuro	- Ata o 31/12/2022: 5,90% - A partir do 31/12/2022 de acordo co indicado na cláusula terceira do Convenio.
Garantías	Sen garantía real, ni condición de aval, excepto cando o titular é unha persoa xurídica, que se requirirá aval necesariamente.
Requisito	Achegar un plan de empresa e un informe favorable de viabilidade por parte do IGAPE
Actividades excluídas	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Actividades económicas ilegais</li> <li>•Produción e comercio de tabaco e bebidas alcohólicas destiladas e produtos relacionados</li> <li>•Produción e comercio de armas e municións</li> <li>•Casinos</li> <li>• Investigación e desenvolvemento ou aplicacións técnicas en apostas, pornografía</li> <li>•Investigación, desenvolvemento ou aplicacións técnicas relacionadas coa clonación humana con fins de investigación ou terapéuticos e organismos xeneticamente modificados (OGM)</li> </ul>

